

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

Asunto

Servizo de xestión de actividades nos locais de municipais de música para a xuventude de Compostela - Prego Prescricións Técnicas

PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS DO SERVIZO DE XESTIÓN DE ACTIVIDADES NOS LOCAIS MUNICIPAIS DE MÚSICA PARA A XUVENTUDE DE COMPOSTELA

1.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente Prego a contratación da xestión dos locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

Esta xestión contemplará as prestacións de mantemento e reparación dos medio técnicos e a organización e apoio á dinamización sociocultural dos Locais.

Dende o ano 2003 o Concello de Santiago puxo a disposición dos grupos de música un equipamento coñecido como Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela que permite o ensaio estable de máis de 50 grupos de música da cidade. Nestes Locais, de luns a domingo, dende as 10 da mañá ata as 24 h, desenvólvense actividades formativas que procuran a estabilidade dun número significativo de grupos de música.

Desde a posta en marcha dos Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela e de acordo cos grupos que se foron incorporando a este equipamento, coincidimos na necesidade de garantir a estabilidade de espazos para ensaio dos grupos así como a de promoción e de difusión de actividades diversas encamiñadas á formación musical, ás actuacións e á promoción dos grupos usuarios.

2.- OBXECTIVOS DO SERVIZO

- Proporcionar un servizo de calidade nos Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela.
- Xestionar o uso do equipamento, os horarios e accesos aos locais
- Atender as demandas e inquiredanzas dos usuarios dos locais.
- Manter o equipamento en condicións óptimas para o ensaio.
- Contar cunha serie de actividades musicais e formativas pensadas para os usuarios do equipamento

3. CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

3.1. LUGAR DE EXECUCIÓN

O contrato desenvolverase, principalmente, nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela, situado nos Baixos do Estadio Municipal de San Lázaro, Avda. de Fernando Casas Novoa, 20. CP 15703 Santiago de Compostela e está dotado dos medios técnicos para o seu funcionamento.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

Ademáis deste espazo, a labor de coordinación e organización da xestión dos locais poderá ser realizada no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche, e a organización de actividades en diversos espazos e locais da cidade.

3.2 PRESTACIÓNS

As demandas e funcións que o Departamento de Xuventude do Concello de Santiago esixe ao servizo de xestión, se encandran nos seguintes ámbitos de actuación

- Relación coa Concellería de Xuventude

- Contacto cos novos grupos e asignación de horarios
- Realización da primeira visita
 Ensinar protocolos de:
 - Apertura e peche do local
 - Control de asistencia
 - Rexistro de incidencias

Seguemento e control dos grupos

- Confección de horarios mensuais e comunicación de horarios
- Xestión de solicitudes de uso puntuais
- Xestión de incidencias
- Confección e actualización do censo de grupos dos Locais

Comunicación cos grupos

Individualmente con cada grupo:

- Comunicación periódica con cada grupo (para avisos, supervisión dos grupos – membros, preparación, repertorio, etc.)
- Visita aos ensaios de cada grupo (visita breve puntual e periódica para darse a coñecer despois da primeira visita co obxecto de familiarizarse cos grupos, comprobar o seu nivel e estado, actitudes, etc.)
- Recepción de queixas e suxerencias individuais

Grupalmente:

- Xestión da comunicación por diferentes canles (correo electrónico, web e redes sociais)
- Xuntanzas periódicas coa totalidade dos grupos (propostas, queixas, suxerencias, solicitudes...)

3.2.2 CONTROL DO EQUIPAMENTO

- Revisión semanal de equipos (e recollida de asistencia e incidencias)

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

- Xestión de incidencias, averías e deterioros dos equipos e do local
- Realización de reparacións menores
- Supervisión do estado de limpeza e orde
- Control dos fondos materiais

3.2.3 ACTIVIDADES VINCULADAS AOS LOCAIS E Á CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

Certames e concertos puntuais

- Difusión das iniciativas
- Interlocución cos grupos
- Escolla de grupos para actuacións
- Xestión técnica dos concertos (axustar probas de son, horarios, etc.)
- Supervisión das actividades e xestión de posibles incidencias

Actividades formativas

- Difusión, comunicación, e xestión de incidencias

3.2.4 RELACIÓN CO DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE

Xuntanza semanal co equipo do Departamento de Xuventude na que se deberá:

- Reporte semanal de altas e baixas
- Asistencia
- Incidencias (averías e reparacións dos equipos e estado dos locais)
- Informe do estado dos grupos visitados na semana anterior
- Entrega de suxestións, queixas e propostas dos grupos

Entrega mensual dun informe no que se recollan os aspectos tratados nas xuntanzas semanais.

3.3 DESTINATARIOS

Os destinatarios do Servizo de Xestión, son os usuarios dos Locais, mozos e mozas de Santiago de Compostela, con inquiredanzas musicais. Actualmente máis de 40 grupos están a usar este equipamento.

En canto ao funcionamento dos locais, existen unhas normas de uso (ANEXO 1) co regulamento do mesmo, aprobadas en Xunta de Goberno Local do 26 de xullo do 2006, modificadas na sesión do 12 de febreiro de 2007 e actualizadas na sesión do 5 de decembro de 2012.

3.4 HORARIOS DO SERVIZO E HORARIOS DE APERTURA DO LOCAL

A prestación do servizo desenvolverase nos 12 meses do ano, dedicando 15 horas semanais a esta tarefa.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

As 15 horas semanais organizaranse cada semana dependendo das necesidades propias dos locais nesa semana, xa que estes permanecen abertos os 7 días da semana e cun total de 89 horas semanais. O cumprimento deste horario contrólase mediante informes semanais e xuntanzas valorativas por parte do persoal do Departamento de Xuventude.

3.5 RECURSOS PERSOAIS

O servizo debe estar atendido en estreita colaboración co Departamento de Xuventude do Concello de Santiago. A empresa adxudicataria terá que demostrar os seguintes aspectos a valorar por parte da Administración:

- Experiencia docente relacionada coa música
- Experiencia en labores similares ás requeridas
- Experiencia e coñecemento en reparación de equipos musicais
- Experiencia en traballos socioculturais vinculados co ámbito musical
- Relación con grupos e formacións musicais

4.- RISCO E VENTURA, E RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA. COBERTURA DE RISCOS

O contrato executarase a risco e ventura do adxudicatario, que asumirá a responsabilidade civil, laboral e fiscal que derive da prestación do servizo de Xestión Dos Locais Municipais de Música para a xuventude de Compostela.

No que se refire á responsabilidade civil, o contratista asumirá a plena responsabilidade por danos e perdas que lle causen a calquera persoa física e xurídica, que sexa consecuencia directa ou indirecta do execicio do contrato ou do seu incumprimento, garantindo en todo caso que queden cubertas as responsabilidades orixinadas polas accións e omisións do persoal respecto a terceiros.

5.- INSPECCIÓN DA XESTIÓN DO LOCAL

As facultades de dirección, control e supervisión de todo o proceso, correspóndelle á Concellería de Xuventude do Concello de Santiago, podendo propoñer os cambios na xestión do local se estes non resultaran idóneos para a prestación do servizo.

6.- RESPONSABILIDADE E OBRIGAS XERAIS DO CONTRATISTA

O contratista terá as seguintes obrigas:

Obrigas xerais:

1. Realizar a actividade obxecto do contrato, con exclusión de calquera outra, conforme ás disposicións dos pregos e demais normativa de aplicación.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

2. Prestar o servizo o número de horas fixado no artigo 3.4 de maneira continua e regulada.
3. De conformidade coa Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia, a Lei 5/1988, de 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, e o Regulamento do Uso do Galego na Administración Municipal de Santiago de Compostela, a contratista deberá, durante a prestación do servizo, presentar a documentación en galego e desenvolver todas as actuacións internas e externas, propias do servizo, en lingua galega. Non obstante, nas súas relacións coa cidadanía empregará a lingua oficial que, de ser o caso, se lles solicite por estes, de acordo coa lexislación procedimental común.
4. A empresa adxudataria do contrato deberá garantir a súa capacidade e experiencia no ámbito xuvenil, musical e cultural, nos termos expostos neste prego.
5. Durante a prestación do servizo e dos traballos e/ou actividades complementarias necesarias para a realización deste, o contratista será responsable de todos os danos e prexuízos, directos e indirectos, que se poidan ocasionar a calquera persoa, propiedade ou servizo público e/ou privado, como consecuencia de actos, omisións ou negligencia do persoal ao seu cargo ou dunha deficiente organización do traballo.
6. Indemnizar a terceiros e ao Concello polos danos e perdas que ocasionará a execución do contrato, segundo o precisado no art. 4 destes pregos.
7. Manter a orde pública no local/recinto de acordo coas normas e instrucións do Concello. A tal respecto poderá solicitar o auxilio da Policía Local.
8. Adquirir o material consumíbel de oficina necesario para a prestación do servizo.
9. Achegar toda a documentación e información que lle sexa requirida polo Concello no prazo que sinala este, e facilitarlle ao seu persoal o acceso ao local e instalacións.
10. Presentar, conforme a proposta técnica achegada, como mínimo un informe trimestral de xestión onde se especifiquen os usos, actividades desenvolvidas, etc, e un informe de avaliación, como mínimo, semestral.
11. Facer cumprir as normas de uso do Local, vixentes en cada momento.
12. Poñer en coñecemento do Concello cantas actuacións ou incidencias poidan producirse no Local obxecto dos servizos que puideran ser contrarias ao seu normal destino.
13. Atender calquera requirimento de información e documentación no prazo máximo de dez días, agás se o Concello autoriza un maior á vista da entidade do requirido.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

14. Ter a disposición dos usuarios e público en xeral dun buzón de reclamacións e suxestións e follas tipo a estes efectos.

ANEXO 1

NORMAS DE USO DOS LOCAIS MUNICIPAIS DE MÚSICA PARA A XUVENTUDE DE COMPOSTELA

Situación: Estadio de San Lázaro

Superficie: 175 m2 .

Dotación: 2 salas equipadas

Comezo do servizo: curso 2004-2005

Teléfono: 981 543 001

Fax: 981 543 002

Correo electrónico: dptoxuventude@santiagodecompostela.org

Páxina web: www.santiagodecompostela.org

Artigo I. Obxecto

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

As presentes normas teñen como obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material dos *Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela*.

O Departamento de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela pon a disposición dos grupos musicais da cidade un equipamento municipal ubicado no Estadio de San Lázaro co obxectivo de:

- Fomentar a práctica musical dos mozos e mozas de Compostela dotándoos dos recursos profesionais e técnicos necesarios.
- Contribuír a unha maior formación musical e técnica dos grupos que fan uso deste equipamento, mediante o deseño de accións formativas relacionadas con esta disciplina.
- Crear unha plataforma de encontro da mocidade para o intercambio de experiencias musicais.
- Organizar eventos que sirvan para fortalecer entre a xuventude a conciencia de seu, e difundir entre a cidadanía os aspectos positivos da cultura musical da xente moza.
- Promover un ocio xuvenil máis creativo e menos consumista, ampliando a oferta de actividades e facilitando a súa accesibilidade para o sector xuvenil.

Artigo II. Locais e materiais

Os locais contan cunha superficie de 175 m², distribuídos en dúas salas equipadas, cada unha co seguinte material:

- Batería con tarima
- Amplificador de guitarra
- Amplificador de baixo
- 2 Caixas autoamplificadas con pés
- 2 micrófonos e pés de micrófono
- Mesas, cadeiras e armarios
- Conexións eléctricas e cableado

Artigo III. Horarios

- De luns a venres de 10 a 15 horas e de 16 a 24 horas.
- Sábados, domingos e festivos de 10 a 22 horas.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

Excepcionalmente poderanse acoller as solicitudes de uso destas instalacións fóra do horario establecido, atendendo ás necesidades do servizo

Artigo IV. Presentación de solicitudes

Poderán presentar solicitudes para o uso dos citados locais, aqueles mozos e mozas que en representación dun grupo musical, con membros empadroados no Concello de Santiago de Compostela, precisen dun local para realizar os seus ensaios.

As solicitudes presentaranse en instancia formalizada a recoller no Departamento de Xuventude perante o Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela, na Rúa Presidente Salvador Allende, 4, ou no Rexistro Auxiliar sito no Centro Xuvenil O Ensanche, Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 Baixo.

A solicitude deberá ir acompañada da fotocopia do D.N.I de todos os membros do grupo.

Artigo V. Valoración das solicitudes e criterios de autorización de uso

(a) Priorizaranse as solicitudes de reserva mensual de 8 horas do equipamento. No caso de que se necesite máis tempo, poderase solicitar por escrito ao Departamento de Xuventude ampliación do horario e o uso puntual das instalacións.

(b) O equipamento acollerá aos grupos con polo menos o 50% dos membros empadroados no Concello de Santiago.

(c) O equipamento acollerá a os grupos cunha media de idade non superior aos 35 anos.

(d) Mensualmente revisaranse os horarios e, caso de ser necesario, reestruturarase o calendario en función de novas solicitudes e dos horarios dispoñibles.

(e) O Departamento de Xuventude entregará á persoa solicitante unha autorización do uso das instalacións indicadas, na que figurará o nome do solicitante, o seu número de documento de identidade, relación de membros que compoñen o grupo, días e horas nas que está autorizado ao uso dos locais e a sala a utilizar.

(f) O dereito ao uso do local terá unha vixencia de un ano natural, debendo ser renovada no mes de decembro de cada ano.

(g) Unha mesma persoa non poderá figurar nin como responsable nin como membro en máis de dous grupos.

(h) Dous grupos non poden compartir máis do 50 % dos seus membros. En caso de detectarse dita situación, o grupo afectado será debidamente informado e deberá proceder a reestruturar a súa formación para axustarse á normativa vixente.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

(i) Os grupos que desexen realizar un cambio no seu horario, deberán comunicalo por escrito aos técnicos do Departamento de Xuventude, realizándose a actualización mensualmente. Terán prioridade na selección de horas de uso os grupos que xa estean utilizando o servizo fronte a aqueles de nova incorporación.

Artigo VI. Procedemento para o acceso ás instalacións

(a) Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, a persoa representante do grupo ou calquera outro membro do grupo debidamente identificado co seu DNI orixinal deberá dirixirse ao garda de seguridade do Estadio Municipal de San Lázaro ou ao persoal de conserxería do Departamento de Deportes, que facilitará as chaves de acceso ás instalacións asignadas, e rexistrará a súa entrada e saída nun parte de asistencia. A non presentación deste documento invalidará a autorización para o uso do local. O persoal encargado de controlar o acceso aos locais poderá solicitar a identificación de todos os integrantes do grupo a través do seu DNI, e denegar a entrada a aquelas persoas que non estean en posesión do mesmo.

- A primeira visita ás instalacións será realizada coa supervisión de técnicos do Departamento de Xuventude co obxecto de facilitar o acceso ás instalacións e a correspondente presentación do responsable do grupo ao persoal de seguridade da empresa encargada e ao persoal de conserxería do Departamento de Deportes. As visitas supervisadas levaranse a cabo ao longo da última semana de cada mes, previo acordo nos horarios da mesma entre os técnicos do Departamento de Xuventude e o grupo, e tendo esta visita unha duración estimada de 30 minutos.

De non acudir ningún dos membros do grupo en dita cita sen xustificación, ou de producirse un retraso de máis de 15 minutos sobre a hora acordada cos técnicos, o grupo deberá acudir a unha nova convocatoria, establecida nesta ocasión unilateralmente polos responsables do servizo. De non presentarse a esta segunda cita, a solicitude será desestimada, perdendo os membros da banda o dereito a facer uso das instalacións ata que tramiten unha nova solicitude.

(b) Antes do inicio de cada sesión de ensaio comprobarase o estado do local e do material, notificando calquera desperfecto ou incidencia ao garda ou persoal asignado mediante un parte de incidencias de obrigado cumprimento; a non observación desta norma, deixando sen cubrir un parte de forma correcta de maneira reiterada, pode ser motivo de expulsión do equipamento. O persoal de seguridade da empresa concesionaria do servizo e o conserxe encargado do Departamento de Deportes deberá poñer en coñecemento do Departamento de Xuventude á maior brevidade posible calquera dano ou anomalía nos equipamentos, deixando constancia escrita das incidencias.

(c) Cada solicitante é responsable da limpeza básica e da orde das instalacións que se lle autorice a usar, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada. De constatare que un grupo non está tendo en conta esta norma, o Departamento de

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

Xuventude tomará as medidas que considere oportunas en función da gravidade da conduta observada, podendo chegar á perda do dereito ao uso dos locais temporal ou definitivamente.

(d) O Departamento de Xuventude faise cargo da limpeza das instalacións e do servizo de mantemento técnico dos materiais, sempre e cando se trate de danos non derivados do mal uso dos equipos ou das instalacións por parte dos usuarios e usuarias.

(e) O equipamento poderá permanecer fóra de servizo temporalmente por motivo de reparacións ou por outras causas xustificadas.

Artigo VII. Obrigas do/a solicitante

O/a solicitante ten as seguintes obrigas:

(a) Acudir ao local de ensaios o día e hora na que se lle autorizou:

- Respectar os horarios e salas asignados: non se permitirá o acceso ás instalacións dos usuarios que cheguen media hora máis tarde da hora asignada.

Se por calquera motivo un grupo non vai facer uso das instalación no horario que teñen asignado durante un período curto de tempo, será obriga do grupo remitir dita información ao Departamento de Xuventude, a fin de que as horas que correspondan ó conxunto queden dispoñibles para outros usuarios durante o devandito período de ausencia. Dita comunicación deberá ter lugar, como mínimo, con tres días de antelación sobre a data de non asistencia ás instalación se é unha ausencia puntual, ou con sete días de tratarse dun período prolongado. De non observarse esta norma, se considerará unha ausencia non xustificada.

- Todos os grupos teñen a obriga de dirixirse ao persoal de seguridade ou da conserxería do Departamento de Deportes e cubrir o parte de asistencia, de entrada e de saída das instalacións.
- En caso da non utilización do local en tres ocasións consecutivas ou en cinco trimestrais, sen xustificación, procederase á baixa automática do uso deste equipamento.
- Só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas e os membros do grupo. Queda prohibido o acceso ás instalacións de persoas alleas, podendo autorizar o seu acceso en casos puntuais, previa comunicación e autorización do Departamento de Xuventude.

(b) Boas prácticas no uso das instalacións e do material:

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

- Cada representante do grupo asume a responsabilidade de comunicarlle ao persoal de seguridade e de conserxería, todas aquelas deficiencias que considere de interese respecto do estado da sala, limpeza, materiais, entre outros servizos para o que se facilitará un parte de incidencias, que debe ser debidamente cumprimentado cada vez que se acceda aos locais.
- Queda terminantemente prohibido trasladar material dunha sala a outra.
- Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido para o seu uso polo seguinte grupo. Prégase que se extreme o coidado na manipulación do material e do cableado, quedando todo desconectado da rede eléctrica.
- No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe, o grupo de que se trate a través do seu representante deberá repoñer integramente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.
- O Departamento de Xuventude poderá deseñar diferentes accións formativas que incidan na mellora do uso das instalacións, instrumentos e recursos técnicos cos que conta os locais ou mellora da propia formación musical. Neste caso, cada grupo terá o compromiso de designar a un representante que participará nestas accións formativas, se fose o caso; a non participación en ditas actividades poderá supoñer a baixa automática do grupo.

(c) Limpeza básica das instalacións:

- Debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada.
- Non se permite fumar, consumo de bebidas ou comer nos espazos habilitados para o ensaio.
- Non se permiten anuncios de carácter privado nos taboleiros, agás aqueles que se relacionen coa procura de novos músicos e similares, ou os que sexan dispostos polo Departamento de Xuventude.

(d) Asistir ás xuntanzas de coordinación e de seguimento que se convoquen dende o Departamento de Xuventude, así como ás diferentes accións formativas que con carácter obrigatorio se programen.

(e) Facilitar ao Departamento de Xuventude toda aquela información sobre o grupo, traballo realizado e calquera outro dato de interese. Esta información poderá ser utilizada na difusión deste equipamento municipal.

(f) Facer como mínimo unha actuación ao ano, de acordo coa programación do Departamento de Xuventude, co obxecto de promover o equipamento.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CONYI09F | <i>Expediente</i> CON/13/2014 | <i>Fecha</i> 24-03-14 11:03 |

(g) Este equipamento poderá acoller aquelas iniciativas (concertos, presentacións de traballos, gravacións, encontros...) que se acorden oportunamente e sempre previa autorización correspondente do Departamento de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo VIII. Incumprimentos

Serán amoestados os grupos que amosen actitudes que non se axusten ás normas aquí descritas, así coma mostrar condutas irrespetuosas ante calquera persoa que traballe no servizo.

O Departamento de Xuventude valorará a perda do dereito ao uso e disfrute das instalacións e dos materiais indicados nos artigos I e II, de forma temporal ou definitiva, en función do incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento, sen prexuízo.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2014.

O xefe do departamento de mocidade

